

INFORMACIÓN SOBRE A INMEDIATA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A DURANTE 9 MESES, PREVIA PRESELECCIÓN POLA OFICINA DE EMPREGO DE CARBALLO

O Concello de Laxe ten concedida unha subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para **contratación dun/dunha empregada administrativo/a** respecto do Programa I destinado á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 - 2027, para o ano 2026.

Para a selección deste persoal o Concello de Laxe ten que presentar na oficina de emprego de Carballo a oferta correspondente para a solicitude de persoas candidatas.

SE QUERES PRESENTARTE A ESTE PROCESO SELECTIVO TES QUE:

- Ter feitos 18 anos e non superar os 29 anos idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema de Garantía Xuvenil.
- Estar desempleado/a inscrito/a como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia no seguinte Código Nacional de Ocupación e Grupo de Cotización:
CNO: 4500 Empregado administrativo con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outros epígrafes e no 4309 empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outros epígrafes
Grupo de cotización: 4
- Estar inscrita/o como persoa beneficiaria no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

Concello de Laxe

Departamento de Emprego e Promoción económica